

Sen luz

Memoria de exilios e medos



FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

No ano 2000, nunha antoloxía que quixo ser espello da narrativa escrita por mulleres, afirmaba a súa presentación editorial que aquel grupo de narradoras novas estaba a formar un corpus literario que marcaría sen dúbida o futuro da literatura galega. Un presaxio demasiado ariscado. Moí poucas daquelas narradoras están a conquistar o discurso narrativo na nosa literatura. Na eclosión da actual narrativa feita por mulleres en Galicia figuran outras caras e outras plumas, quizais con máis pedigree promocional. Unha das excepcións máis salientables é Inma López Silva, cuxa voz está asentada con firmeza no noso panorama narrativo. Abonda con amentar dous títulos: *Concubinas* e a novela que hoxe lemos, *Memoria de cidades sen luz*, avaladas ambas as dúas cos galardóns máis importantes do noso sistema literario: os premios Xerais e o Blanco Amor.

luz de 2008, data no que o ata entón innominado protagonista e narrador asume definitivamente o nome de Marcel e rende contas a un tempo que non parou de darlle medo. A trama argumental desta novela circular de personaxes e “climas” humanos comeza, como dicimos no anos 1928. A autora imaxina un personaxes, un neno galego con cinco anos que contempla anicado debaixo da cama como en Santiago matan a súa nais e irmáns e o suicidio do país. Mais non fica só na vida. Recólleo unha veciña, trasládase a Coruña onde entra en contacto cos grupos dos galeguis-

retiro definitivo.

Mais a nervadura central da novela, ese nivel diexético de primeiro grao, non se acouta nesta peregrinaxe do protagonista por cidades sen luz ou luminosas pero que lle dan vida, senón no medo, ese sentimento que o aterrou de cativo, que abrolla constantemente na súa peripecia vital e que é o elemento que dalgún xeito goberna todas as outras cousas: o amor, os exilios e as guerras. Por iso o relato convértese en memoria testemuñal fronte ao silencio. E xunto ao medo, a Guerra Civil, un tema recorrente, que a escritora olla sen resentimentos, quizais con excesiva inocencia, pero que envolve por enteiro os primeiros capítulos e cunha presenza difusa no resto do relato.

Entre as bondades da novela cómpre, na miña estima, destacar en primeiro lugar a unidade estrutural de todo o relato, un relato amplo que se espalla por espazos moi diversos e por un tempo que abarca case que un século. A linealidade narrativa, que nada ten que ver coa estrutura temporal caótica da súa primeira novela, axuda á autora a enfrontarse co reto. En segundo lugar, a afouteza da escritora á hora de intentar darlle outra vida, á marxe da “oficial” aos personaxes de luxo que viven no relato. María Casares, Santiago Casares, Albert Camus, Gérard Philipe, Jean Vilar, María Miramontes e, sobre todo, Ánxel Casal teñen na novela moita máis vida das que nos conta a historia. Así mesmo, unha certa desmitificación do exilio galego de Buenos Aires, a cumprida recreación dos “climas” humanos de distintas cidades e tempos e a captación da tensión entre personaxes, nomeadamente cando se converten en modelos xenérico de esposa e da outra. A prosa sinxela, pero fluída e coidada, sen demasiadas levitacións líricas, axuda a modular una voz narrativa que acada a madurez literaria en plena xuventude.

CÓMPRE
DESTACAR A
UNIDADE
ESTRUTURAL DE
TODO O RELATO



Coinciden ambos proxectos narrativos na teima de contarnos mundos, vidas de personaxes durante amplos períodos temporais e longos periplos espaciais. Na novela que hoxe nos ocupa, oitenta anos: desde xuño de 1928 ata o verán con

tas, con Ánxel Casal, e cando prenden as lapas e os odios da Guerra, foxen e exílianse en París, e desde alí percorren medio mundo, cidades sen luz que chaman polo protagonista para pechalo dentro. Ata o regreso a Santiago, unha cidades que recobra a luz cando a converte no seu

LÓPEZ SILVA, Inma,
Memoria de ciudades sen luz, Ed. Galaxia, Vigo,
2008, 338 páxinas.